



## Federación Galega de Atletismo

Avda. de Glasgow, 13. Complexo Deportivo de Elviña. Teléfono:  
981291683 - Fax: 981-292056. Correo: [fgatletismo@telefonica.net](mailto:fgatletismo@telefonica.net).  
Páxina Web: <http://www.atletismogalego.org> – 15008 – A CORUÑA



XUNTA  
DE GALICIA

### **CIRCULAR 41-2013**

- A todas as Delegacións (\*)
- Aos clubs e adestradores

(\*) Para a súa distribución entre todos os estamentos da súa demarcación

## **CAMPIONATO GALEGO DE PROBAS COMBINADAS**

(CD/XUV/PROM/VET)

### **CRITERIUM JUNIOR E ABSOLUTO DE PROBAS COMBINADAS**

Lugo, 1 e 2 de xuño do 2013

**Art.1)** O día 1 e 2 de Maio terá lugar o Campionato Galego de Probas Combinadas (cd/xuv/prom/vet) e o Criterium Junior e Absoluto en Lugo. O evento está organizado pola Federación Galega de Atletismo a través da súa delegación en Lugo.

**Art.2)** Poderán intervir todos aqueles atletas das categorías cadete, xuvenil, junior, promesa, senior e veteranos situados entre os 8 primeiros do ranking galego e que se atopen en calquera das seguintes condicións:

1. Atletas que teñan fichado ó longo da tempada actual (2012/13) por algún Clube ou Colexio pertencente á Galicia.
2. Atletas con ficha pola F.G.A., aínda que pertezan a Clubes doutras Comunidades Autónomas.
3. Atletas non galegos convidados expresamente pola Federación Galega de Atletismo, que non reúnan ningunha das dúas anteriores condicións.

\*Segundo acordo de Asamblea os atletas extranxeiros maiores de 18 anos que non esten nacionalizados en España non poderán optar os podiums nos Campionatos Galegos

\*Segundo acordo da Asamblea nos campionatos de probas combinadas só poden participar atletas que acrediten rexistros no 40% das probas que compoñan a combinada na que participen, e dentro de eses rexistros exista unha proba de carreira, unha proba de salto e unha proba de lanzamento.

**Art.3)** As inscricións realizaranse a través do sistema online na web da RFEA (<https://isis.rfea.es/sirfea2/>) **ata as 20:00 horas do martes 28 de maio do 2013.**

**Art.4)** Os atletas, deberán confirmala a súa participación ata 45 minutos antes do comezo de cada proba. Una vez rematado este prazo, non se admitirá a participación do atleta.

**Art.5)** Os tres primeiros atletas clasificados recibirán unha medalla conmemorativa do campionato, sendo de obrigado cumprimento acudir ao protocolo de premiacións. Caso contrario, non se fará entrega da medalla.

**Art.6)** Os atletas deberán utilizar o dorsal outorgado pola organización de forma totalmente visible no peito, agás a pértiga, en toda a súa superficie. O incumprimento de esta norma será motivo da descalificación. Será responsabilidade dos atletas levar consigo 4 imperdibles para a colocación do dorsal, a organización non facilitará imperdibles.

**Art.7)** Horario provisional (publicarase o horario definitivo o mércores día 29 con as inscricións aceptadas)



## Federación Galega de Atletismo

Avda. de Glasgow, 13. Complexo Deportivo de Elviña. Teléfono:  
981291683 - Fax: 981-292056. Correo: [fgatletismo@telefonica.net](mailto:fgatletismo@telefonica.net).  
Páxina Web: <http://www.atletismogalego.org> – 15008 – A CORUÑA



XUNTA  
DE GALICIA

### XORNADA DE TARDE (Sábado 1 de Xuño)

100 m	HOMES	HEP-OCT-DEC	16.45			
100 m.v. (0,76)	MULLERES	EXATHLON	17.05			
100 m.v. (0,84)	MULLERES	HEPTATHLON	17.15			
			17:30	Lonxitude	HOMES	HEP-OCT-DEC
			17.40	Altura	MULLERES	EXA-HEP
			18.15	Peso 4,5,6, 7,260	HOMES	HEP-OCT-DEC
			18.50	Altura	HOMES	HEP-OCT-DEC
				Peso 3,4	MULLERES	EXA-HEP
200	MULLERES	HEP	S/H			
400	HOMES	OCT-DEC	S/H			

### XORNADA DE MAÑÁ (Domingo 2 de Xuño)

100 mv (0.91)	HOMES	HEP	10.00			
110 m.v. (1,06)	HOMES	DEC	10.10			
110 m.v. (0,99)	HOMES	DEC	10.20			
110 m.v. (0,91)	HOMES	OCT	10.30	Lonxitude	MULLERES	EXA-HEP
				Xavalina 600gr	HOMES	HEP
			11.00	Disco 1,75; 2Kg	HOMES	DEC
				Altura	HOMES	OCT
			11.30	Xavalina 500,600gr	MULLERES	EXA-HEP
			11.45	Pértega	HOMES	DEC
			12.00	Xavalina 700gr	HOMES	OCT
600m.l	MULLERES	EXA	12.40			
800m.l	MULLERES	HEP	12.50			
1000m.l	HOMES	HEP-OCT	13.00			
			13.10	Xavalina 800gr	Homes	DEC
1500	HOMES	DEC	14.00			

\* admítese a participación de atletas veterans cos seus pesos, altura dos valados e distancias correspondentes vallas y distancias correspondentes.

**Art.8)** A responsabilidade das inscricións dos atletas, salvo que sexan independentes, corresponderá ao seu club. **Aplicaránse as seguintes penalizacións polo incumprimento da normativa de inscricións:**

- Se o atleta, previamente inscrito non participa finalmente no Campionato a sanción será de 3 euros por atleta inscrito, salvo causa xustificada e comunicada por escrito á FGA ([direcciontecnica@fgatletismo.com](mailto:direcciontecnica@fgatletismo.com)) con antelación mínima de 24 horas. No caso de lesión deberá acreditarse o xustificante facultativo.
- Non acreditar a veracidade nas inscricións enviadas á FGA (6 euros por atleta con datos falsos)
- Non realizar a inscrición no prazo estipulado deberá aboar 3 euros. A aceptación do participante por inscribirse fóra de prazo será competencia do persoal federativo, en función das características da proba donde se desexe inscribir o atleta, podendo ser esta denegada.

**Art.9)** Todo o non disposto no presente regulamento resolverase dea cordo as normas da I.A.A.F.

Victor Arufe Giraldez  
Secretario Xeral da FGA  
(Asdo. no Orixinal)  
A Coruña, a 16 de Maio de 2013